

# PASOS

## PARA COMPOSTAR?

**1 Ubicar o composteiro** nun lugar idóneo e comezar a depositar os restos orgánicos do xardín e da cociña de pequeno tamaño, sempre sen apelmazar, para facer máis doada a descomposición (ao redor de 5-10 cm).

**2 Colocamos restos de poda** para favorecer a aireación entre capas, debemos de ter en conta a relación de material húmido/seco que imos engadindo (2 húmido x 1 seco)



**3 Engadimos unha vez máis os restos** orgánicos procedentes da cociña (10-15 cm) e así sucesivamente (é aconsellable engadir un pouco de terra entre capa e capa).

**4 Regularmente debemos voltear o material** que imos depositando no composteiro, favorecendo deste xeito unha óptima aireación.



COMPOST FRESCO

2-3 meses



COMPOST MADURO

# PROBLEMAS

## E SOLUCIÓNS

**Malos cheiros:** exceso de humidade ou falta de osíxeno. Engadir material seco e remexer.

**Moitas moscas:** exceso de humidade ou restos de comida sen cubrir. Engadir material seco e remexer, os restos de comida deben de quedar ben ocultos.

**Moitas formigas:** falta de humidade no ambiente e na materia. Engadir material fresco, remexer a materia e regar o perímetro da composteira.

**Non se descompón a materia:** falta de humidade e exceso de aire. Engadir máis restos a composteira e si está aberto protexelo temporalmente cun plástico.

**Non diminúe o volume e material moi seco:** excesivo aporte de materia seca e sequeidade ambiental. Engadir unha boa cantidade de material húmido e no caso de atoparse moi seco, regar cun pouco de auga.



¿TES ALGUNHA DÚBIDA COA XESTIÓN DOS TEUS RESIDUOS?

CONTACTA CO TEU CONCELLO



CONCELLO DE  
CASTRELO DO VAL

# A COMPOSTAXE



GUÍA PRÁCTICA PARA A  
COMPOSTAXE DOMÉSTICA

Cada galego xera o ano 435,5 quilos de lixo, en torno a **1,15 Kg/día**.

No ano 2023 a poboación do **Concello de Castrelo**

**do Val** era de 989 veciños, esto supuxo aproximadamente a xeración de **máis de 1 Tonelada/día** de lixo procedente dos fogares. O **42%** dos residuos dos fogares están formados por **materia orgánica**.



## ¿QUE É A COMPOSTAXE?

A **compostaxe** é un proceso natural mediante o cal pódemos elaborar o compost, un abono orgánico de calidade obtido a partir dos residuos orgánicos que xeramos nos fogares. Podemos dicir entón que se trata dun proceso de descomposición biolóxica de materia orgánica, como poden ser restos de comida, podas, etc...



## ¿POR QUÉ COMPOSTAR?

**-DIMINUCIÓN DO ORZAMENTO.** O reducir a frecuencia na recollida do lixo dos contedores xenéricos, os servizos municipais **adicarán un menor presuposto** a súa xestión e tratamentos.

**-OBTENCIÓN DE COMPOST.** É un abono de moita calidade que aporta aos nosos cultivos todos os nutrientes que precisan.

**-REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN.** Como consecuencia de aproveitar a materia orgánica, reducindo o seu volume na fracción resto, contribúese a emisión de menos gases de efecto invernadeiro.



## ¿QUÉ PRECISAMOS?

- Un **lugar** axeitado e un composteiro.
- Restos** de cociña, horta e xardín.
- Ferramentas** para remexer e recoller o compost.
- Auga**.

## ¿O QUE SI



SE PODE COMPOSTAR?

**-Restos de xardín e horta**, de poda, sen pesticidas e sen ningún tipo de produto fitosanitarios.

**-Cinzas e serrín de madeira** sen ningún tipo de tratamento.

**-Restos de comida:** froitas, verduras, arroz e pasta cocidos, casca de ovo, pan, peixe e carne (pouca cantidade).

**-Os pousos** das infusións e do café.

**-Papel, cartón e xornais**, cortados en anacos pequenos.

**-Fibras e anacos de teas** naturais e plumas.

**-Esterco** de animais herbívoros.



## ¿O QUE NON

SE PODE COMPOSTAR?

**-Aceites**, vexetais como minerais, produtos lácteos.

**Restos de plantas** tratadas ou enfermadas, **madeira tratada** con vernices ou pintura.

**-Excrementos** de animais carnívoros.

**-Papel** de cor ou plastificado, plástico, medicamentos, restos de obra...